

CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18/09), realizarase proximamente neste Centro a **renovación do CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do centro.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A directora do Centro
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un alumno ou alumna.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). **Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo día 18 de outubro ás 10.40 horas.**

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo consello Escolar, deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

As Neves, 16 de outubro de 2024

A Directora



Sandra Gómez Queipo